

galicia

o que non  
se escribe



ARQUIVOS SONOROS  
E CREACIÓN  
CONTEMPORÁNEA



María de Penas Altas.

© Imaxe: Arredor da tradición

ORGANIZA



PATROCINAN



COLABORAN



# o que non se escribe



ARQUIVOS SONOROS  
E CREACIÓN  
CONTEMPORÁNEA

Santiago de Compostela. Marzo 2021

A paisaxe sonora. escoitar chover sobre a uralita, unha pota no lume, un coche que pasa, un veciño que saúda, unha máquina, os zapatos no chan, o vaso na mesa. As conversas entre elas, os risos nerviosos porque as están a gravar, as pausas, os silencios, as preguntas, as explicacións. A calidade da gravadora e o pulsar dos botóns. O son dos propios espazos, case sempre domésticos, íntimos. Un universo sonoro fascinante que atopamos nas gravacións custodiadas nos arquivos, horas e horas de información que non se escribe, que fica oculta entre as melodías e as letras, unha fotografía sonora do momento concreto no que foi feita cada gravación. E é aí, nesas paisaxes, onde atopamos as claves para crear desde unha perspectiva consciente e propia, baseándonos no necesario traballo escrito pero inspirándonos no que non se escribiu e nos define como pobo.

O QUE NON SE ESCRIBE. ARQUIVOS SONOROS E CREACIÓN CONTEMPORÁNEA son unhas xornadas de aprendizaxe e experimentación sobre o noso patrimonio sonoro, unha posta en común dos proxectos máis actuais arredor da música tradicional desde unha óptica tan propia como global. Un proxecto único que pon no foco o proceso desde o máis antigo ao máis contemporáneo. O que fomos, o que somos e o que tendemos a ser como país musical.

# mércores 24\_marzo



## PASEO SONORO.

Do 24 de Marzo ao 4 de Abril.  
Rúas de Santiago.

Esta intervención guía aos participantes a través dun mapa por diferentes puntos da cidade nos que atopar tesouros sonoros. En cada punto agóchase un código QR para escanear e escoitar cos auriculares un anaco dunha recolla de música tradicional.

Acompañando a cada QR, atoparemos a información do audio: a quen lle foi gravado, onde e cando foi gravado e por quen foi gravado. Tamén por quen foi feita a selección da peza, xa que para escoller eses cortes contamos coa colaboración de destacados profesionais da música tradicional.

## ESCOITA COMENTADA. COLECCIÓN DE LOUSAS DO ARQUIVO SONORO DE GALICIA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA.

Por Xosé Ramón Pousa e Cristina Pujales.  
18h. Consello da Cultura Galega.

No ASG do CCG consérvanse preto de setecentas lousas de contido galego: desde as primeiras gravacións de 1904 do Coro Aires da Terra de Pontevedra ou os numerosos rexistros editados na emigración bonaerense e cubana, até cancións galegas interpretadas polas voces máis destacadas da época. A evolución das técnicas de gravación sonora electromagnéticas, en vinilo e cinta magnética e, posteriormente, o son estereofónico, remataron cos gramófonos e retiraron da circulación os discos de pedra, que hoxe son unha rareza custodiada por coleccionistas. As lousas representan os comezos da industria cultural na sociedade de masas e permitiron a conservación até os nosos días tanto das gravacións históricas galegas como das producións sonoras impulsadas pola emigración en América. As setecentas gravacións en pedra que o Arquivo Sonoro de Galicia ten reunidas até o momento, reflicten o noso patrimonio sonoro desde 1900 até finais da década dos 50.

Toda a información en:  @oquenonseescribe

# xoves 25\_marzo



## ENCONTRO. A CREACIÓN CONTEMPORÁNEA A PARTIR DOS ARQUIVOS TRADICIONAIS.

18h. Museo do Pobo Galego.

Presenta:  
Xacobe Martínez Antelo

Interveñen:  
\_Faia Díaz  
\_Xosé Miguélez  
\_Mercedes Peón  
\_Tanxugueiras

## ESPECTÁCULO. SA MATEIXA (JOANA GOMILA / LALI AYGUADÉ / MAGÍ SERRA / LAIA VALLÈS / SANTI CARETA)

20h. Teatro Principal.

Xotas, cassettes, ibiza-trips, electro-tonadas, cantos. En Sa Mateixa, dous bailaríns e tres músicos atoparon unha linguaxe común que le o pasado para levalo cara o presente. A través dunha fotografía familiar dispárase un percorrido cara a tradición desde a contemporaneidade. Con sensibilidade, poesía e humor débúxanse as tonadas e a electrónica, a polca, a xota, o campo e a cidade, o xogo e o ritual, a espontaneidade da vida e a presenza eterna dos devanceiros.

Joana Gomila, estudosa da música tradicional mallorquina, preséntanos este espectáculo que xurde da experimentación a partir das recollas que o etnomusicólogo estadounidense Alan Lomax fixo nos anos 50 nas Illas Baleares.

Toda a información en:  @oquenonseescribe

# venres 26\_marzo



## ENCONTRO. ANÁLISE DO MERCADO PROFESIONAL PARA OS PROXECTOS DE CREACIÓN A PARTIR DAS MÚSICAS TRADICIONAIS.

18h. Museo do Pobo Galego.

Presenta:  
Marián Fernández

Interveñen:  
\_Jordi Fosas, da Fira Mediterrània de Manresa.  
\_Ramom Almuinha, de aCentral Folque.  
\_Julio Gómez, de Sinsaludio.  
\_Xavier Campos, de Cultura da Deputación da Coruña.

## ESPECTÁCULO. FAIA

20h. Teatro Principal.

FAIA presenta un novo espectáculo, que é en realidade unha evolución, un paso máis no seu proceso de creación desde o primeiro disco. Os ritmos e melodías tradicionais buscan outros camiños a través da voz, movéndose entre o íntimo, o que se di e o que se silencia. É un traballo en construción, do que tirar do fío nun proceso continuo. Neste caso, a escena servirá de casa, de refuxio onde reflexionar sobre o poder da transmisión no ámbito do doméstico, na herdanza. Aberta cara o experimental, a música atopa eco noutras disciplinas e dialoga nunha dimensión máis plástica. Como unha constante no seu traballo, a muller volve ser a protagonista, portadora dunha identidade rica, xenuína e diversa.

# sábado 27\_marzo



## OBRADOIRO. RECOLLA DE PATRIMONIO MUSICAL.

Impartido por Xulia Feixóo.

11h30. Museo do Pobo Galego.

Neste obradoiro de 3 horas, para o que non son precisos coñecementos específicos previos, Xulia fará unha introdución sobre a metodoloxía do traballo de campo, a documentación, as entrevistas, a gravación, a organización da información e a divulgación do traballo.

Xulia Feixóo foi a primeira etnomusicóloga titulada da Galiza. É tamén licenciada en Historia da Arte na especialidade de Historia da Música e titulada profesional en percusión. Como investigadora, céntrase no estudo e divulgación das músicas de tradición oral. Publicou os libros *Maruxa das Cortellas. Tocadora do pandeiro...* (2017) e *Mulleres de Gargamala! Cantares de tradición oral* (2017), ambos da editorial aCentral Folque. Dende setembro do 2019 forma parte da equipa de asesoras do Arquivo Sonoro de Galicia, do Consello da Cultura Galega.

## CHARLA. INTELIXENCIA ARTIFICIAL E MÚSICA TRADICIONAL.

Impartida por Carlos Martorell.

17h. Online.

O catalán Carlos Martorell, artista sonoro e visual, acaba de presentar *Acte de fe* xunto a Adrià Grandia e Marc Vilajuana, un proxecto fascinante no que analiza a relación humano-tecnoloxía a través dunha intelixencia artificial e os seus paralelismos coa relixión. Nesta charla explicará unha das ferramentas dixitais actuais máis potentes para a xeración automática e estudo musical, e farao a partir dese proceso de experimentación de *Acte de fe*, que o levou a recompilar 4.000 partituras tradicionais de cancioneros do s. XIX e XX para xerar un modelo predictivo que acompañara aos músicos do proxecto en tempo real.

